



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Área Económica

Aprobación definitiva da modificación das Ordenanzas fiscais números 1, 2, 3, 5, 6, 10, 11, 12 e 27, e da Ordenanza 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación das Ordenanzas Fiscais números 1, 2, 3, 5, 6, 10, 11, 12 e 27, e da Ordenanza 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este.

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro do 2025 aprobou inicialmente a modificación das ordenanzas fiscais números 1, 2, 3, 5, 6, 10, 11, 12 e 27 e Ordenanza 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este.

O anuncio de exposición publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 210 de data 3 de novembro do 2025, no diario “La Opinión”, de data 3 de novembro do 2025 e no taboleiro de anuncios do Concello de Oleiros, presentándose reclamacións durante o período de exposición pública.

Polo Concello Pleno en sesión extraordinaria de data 26 de decembro do 2025 adoptáronse os seguintes acordos:

-Desestimación das alegacións presentadas contra acordo plenario de data 30 de outubro do 2025, de aprobación inicial de modificación das Ordenanzas fiscais números 1, 2, 3, 5, 6, 10, 11, 12 e 27 e Ordenanza 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este.

-Aprobación definitiva dos textos dos artigos das Ordenanzas seguintes:

Artigo 7º da Ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.:

“Artigo 7º: TARIFA

Epígrafe primeiro.- DERROGADO.

Epígrafe segundo:

- Informes emitidos pola Policía Local diferentes aos relativos a accidentes de tráfico: 41,17 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil relativos a accidentes de tráfico: 101,19 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil diferentes aos relativos a accidentes de tráfico: 52,94 €

Epígrafe terceiro: DERROGADO.

Epígrafe cuarto: Documentos relativos aos Servizos de Urbanismo:

1.- Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 49,09 €

2.-DERROGADO

3.- Informe urbanístico: 47,44 €

Epígrafe quinto: Procedementos de contratación e concesións demaniais:

1.- En cada proposición para tomar parte en poxas, concursos ou procedementos negociados:

- Ata 6.010,12 €, tipo base de licitación: 9,83 €
- De 6.010,13 € a 60.101,21 €: 49,09 €
- De 60.101,22 € en adiante: 98,26 €

2. Pola formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 9,86 €

Epígrafe sexto: Derogado.

Epígrafe sétimo: Dereitos de exame.

1.- Subgrupos A1 e A2 e grupo B ou similares en contratos laborais: 24,58 €

2.- Subgrupo C1 ou similar en contratos laborais: 19,65 €

3.- Demais postos: 14,73 €

Epígrafe oitavo: Fotocopias de expedientes completos ou de documentos illados que formen parte de aqueles, sempre que o número de fotocopias solicitadas exceda de 20 en tamaño DIN-A4 e de 6, en tamaño DIN-A3:

- Fotocopias en tamaño DIN-A4 e DIN-A3: 0,08 €/copia (todas as copias)

Epígrafe noveno: Reproducións de planos en tamaño DIN-A1: 2,77 €/copia

Epígrafe decimo: DEROGADO

Epígrafe undécimo: Reposición de placa de vado: 11,72 €

Epígrafe duodécimo: Expedición de certificacións catastrais polo Punto de Información Catastral, relativas a fincas non pertencentes ao Concello de Oleiros:

- Certificación literal: 8,11 €
- Certificación descritiva e gráfica: 8,73 €

Epígrafe décimo terceiro: Compulsa de documentos a presentar a través do Portelo único da Xunta de Galicia.

- Por cada compulsa, a partires da terceira e ata a duodécima compulsa: 1,88 €/compulsa.
- Pola décimo terceira compulsa e seguintes: 0,61 €/compulsa."

Artigo 5º da Ordenanza fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer:

"Artigo 5º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou da actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

Epígrafe primeira: Concesión e expedición de licenzas

- Licenzas da Clase B: 181,84 €

Epígrafe segunda: Autorización para transmisión de licenzas

a) Transmisión "ínter vivos":

- -De licenzas da Clase B: 909,26 €

b) Transmisión "mortis causa":

- -A primeira transmisión da licenza en favor dos herdeiros forzosos: 90,93 €

Epígrafe terceira: Substitución de vehículos

- De licenzas Clase B: 18,18 €

Epígrafe cuarta: Revisión de vehículos

- Revisión anual ordinaria: 45,46 €
- Revisión anual extraordinaria: 45,46 €

Epígrafe quinta: Permiso para condución por asalariado e expedición de carné.

- Polo trámite e concesión do permiso: 13,65 €
- Pola expedición do carné a un condutor asalariado: 27,29 €."

Artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas:

"Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

1.- De conformidade coas limitacións sinaladas polo artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), establécense as tarifas da taxa seguintes:

- a) Demolición de construcións e movementos de terras: 89,49 €
- b) Parcelacións e segregacións; por cada unidade parcelada: 66,26 €

- c) Cimbra de árbores: 86,15 €
- d) Obras menores non necesitadas de proxecto técnico e que en ningún caso teñan un orzamento de execución material superior a 30.000 €:
- d.1. con orzamento de ex. material de ata 3005´06 €: 44,72 €
 - d.2.- con orzamento de ex. material comprendido entre 3005´07 e 6010´12 €: 89,49 €
 - d.3- con orzamento de ex. material comprendido entre 6010´13 e 12.020´24 €: 134,22 €
 - d.4.-con orzamento de ex. material comprendido entre 12.020´25 e 30.000 €: 223,69 €
- e) Obras de construción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios e instalacións que estean cualificadas de obras maiores, ou en todo caso cando o seu orzamento de execución supere os 30.000 €:
- e.1.-por cada edificación unifamiliar: 268,44 €
 - e.2.-por cada edificación plurifamiliar: 1´35 €/m², obxecto da taxa
 - e.3.-por cada nave ou instalación industrial ou comercial ou outra edificación diferente ás contidas nos subapartados anteriores (e.1.e e.2.): 0´66 €/m², obxecto da taxa.
- f) Declaración responsable para a ocupación de edificacións e instalacións, por cada vivenda ou local:
- f.1.-de edificacións unifamiliares e plurifamiliares:
- f.1.1.-de superficie de ata 100 m²: 107,38 €
 - f.1.2.-de sup. comprendida entre 101 e 150 m²: 134,22 €
 - f.1.3.-de sup. comprendida entre 151 e 250 m²: 178,96 €
 - f.1.4.-de superficie igual ou superior a 251 m²: 268,44 €
- f.2.- de naves e instalacións industriais e comerciais ou doutras edificacións ou instalacións diferentes ás contempladas no apartado anterior (f.1.):
- -f.2.1. Os 200 primeiros m²: 268,44 €
 - Por cada m² adicional: 0´46 €/m².”

Artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da Taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o recorrido efectuado polos vehículos que actúen.

Para tal efecto, aplicárase a seguinte tarifa:

Epígrafe primeiro. Persoal:

a) Por c/.socorrista, por hora ou fracción	13,78 €
b)Por c/.voluntario da AVPC, por hora ou fracción	6,03 €
c)Por c/. axente de emerxencias, por hora ou fracción	18,69 €
d)Por c/.coordinador de emerxencias e Protección Civil, por hora ou fracción	28,38 €
e)Por c/. coordinador de servizos municipais, por hora ou fracción	34,88 €
f)Por c/. administrativo, por hora ou fracción	26,55 €
g)Por c/. auxiliar administrativo, por hora ou fracción	16,85 €
h)Por c/. encargado de área de servizos municipais, por hora ou fracción	23,09 €
i)Por c/. xefe de equipo ou encargado do retén, por hora ou fracción	18,61 €
j)Por cada operario de servizos municipais, por hora ou fracción	16,78 €
k)Por cada aparelador municipal, por hora ou fracción	28,75 €

Epígrafe segundo. Vehículos:

a) Vehículo lixeiro e análogos (VL) SMEPC, por hora ou fracción	12,92 €
b) Vehículo de intervención rápida, por hora ou fracción	13,33 €
c) Embarcación rescate e salvamento, por hora ou fracción	12,00 €
d) Moto rescate acuático, por hora ou fracción	23,95 €
e) Furgón servizos varios, por hora ou fracción	17,78 €
f) Camión autoescaleira, por hora ou fracción	126,65 €
g) Bomba pesada urbana, por hora ou fracción	92,00 €
h) Pala retroescavadora, por hora ou fracción	32,00 €
i) Tractor multiusos (sin apeiros), por hora ou fracción	32,00 €
j) Camión basculante, por hora ou fracción	40,00 €
k) Camión cisterna, por hora ou fracción	150,00 €
l) Camión portacontenedores, por hora ou fracción	40,00 €
ll) Barredora autopropulsada, por hora ou fracción	30,00 €
m) Hidrolimpiadora+vehículo, por hora ou fracción	40,00 €
n) Vehículo lixeiro (área Servizos), por hora ou fracción	20,00 €

Epígrafe terceiro. Equipos:

a) Xerador de espuma, por hora ou fracción	33,33 €
b) Equipo de recate en estrada, por hora ou fracción	88,89 €
c) Equipo de rescate en altura, por hora ou fracción	53,33 €
d) Equipo de recate acuático, por hora ou fracción	40,00 €
e) Grupo electrógeno, por hora ou fracción	40,00 €
f) Equipo de achique, por hora ou fracción	33,33 €
g) Motoserra, equipos de corte, por hora ou fracción	22,00 €
h) Detector de gases, por hora ou fracción	35,00 €
i) Cámara térmica, por hora ou fracción	48,00 €
j) Ventilador-extractor de fumes, por hora ou fracción	33,50 €
k) Kit apertura portas, por hora ou fracción	80,00 €
l) Por cada tramo de manguera, por hora ou fracción	4,00 €
ll) Equipo de corte por plasma, por hora ou fracción	20,00 €
m) Material lixeiro xenérico, por hora ou fracción	5,00 €

Epígrafe cuarto. Material consumible:

a) Extintor	36,00 €/unidade
b) Botella aire comprimido	15 €/unidade
c) Expumóxeno	12 €/litro
d) Secante/absorbente	17 €/Quilo
e) Dispersante	10 €/litro
f) Auga	2 € /intervención

Epígrafe quinto: Quilometraxe (contabilizarase ida e volta): 0,26 €/quilómetro.

Nota común ás epígrafes primeira, segunda e terceira:

O tempo investido na prestación do servizo computarase desde a saída ata o regreso ao parque.

A cota tributaria total será a suma das correspondentes ás dos epígrafes da tarifa.”

Artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

1.-A base imponible determinarase atendendo á diferente natureza dos servizos, de acordo coa cantidade sinalada nas tarifas desta ordenanza respecto dos conceptos que a continuación se detallan:

1.1. A utilización de todas as clases de sepulturas existentes no dito cemiterio, para a inhumación e exhumación.

1.2. DERROGADO

1.3. DERROGADO

1.4. Licenzas para a instalación e a reparación nas distintas sepulturas.

1.5. Conservación das sepulturas existentes no devandito cemiterio.

2.-TARIFA XERAL - O dereito que se adquire mediante o pagamento da tarifa correspondente, non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos nestes (polo tempo en que preste servizo o dito cemiterio) sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos fixados e cumpran coas normas que para o dito efecto se establezan.

2.1. DERROGADO

2.2. Cambios de titularidade, cando proceda.

Dun nicho, por herdanza, pagará o 10 % do prezo establecido como valor destes.

Os cambios de titularidade nas distintas sepulturas, pagarán pola inscrición ou inscricións polos diferentes cambios de titularidade, un 10% do valor dos nichos no ano da transmisión, establecidos cada ano polo concello

2.3. Por cada permiso de apertura de nichos para inhumación e exhumación: 50,68 €

2.4. DERROGADO

2.5. DERROGADO

2.6. Licenzas para instalacións ou reparacións:

a) Instalacións:

Por cada permiso para colocar lápidas ou outras instalacións fixas en nichos: 28,14 €

b) Reparacións:

Por cada licenza de nicho: 15,78 €

2.7. Conservación:

Co fin de asegurar a máis decorosa e digna conservación dos espazos destinados a enterramentos, esixíranse os seguintes dereitos ao ano:

Por vixilancia de nichos: 16,55 €

3.-Cando as sepulturas de calquera clase e en xeral todo os lugares destinados a enterramentos fosen desatendidos polos seus respectivos familiares, titulares ou parentes, dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá proceder á demolición no primeiro caso e á retirada de cantos atributos ou obxectos se encontren deteriorados ou abandonados, e no segundo, sen que en ningún caso poida esixirse ningunha indemnización.

4.-Poderá, ademais, declarar a caducidade e reverter ao Concello a enteira dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

a) Polo estado ruinoso da construción: a declaración de tal estado e a caducidade requirirá un expediente administrativo a iniciativa da Alcaldía.

b) Polo abandono da sepultura, considerándose como tal o transcurso de 5 anos desde a última inhumación verificada nesta, sen que o titular, familiares ou parentes aboarán os dereitos correspondentes a esta epígrafe.

5.-O expediente administrativo de caducidade nos supostos a) e b) do número anterior conterá a citación do titular o cal teña domicilio coñecido, ou de non selo, a súa publicidade mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no correspondente ao último domicilio coñecido, sinalando un prazo de trinta días para que o titular e os seus familiares ou parentes comparezan e asinen o compromiso de satisfacer os dereitos percibidos ou de levar a cabo a reparación procedente.

A comparecencia suspenderá o expediente; transcorrido o prazo concedido para efectuar as obras sen que o cumprimento de devandito compromiso efectuarase, declararase a caducidade pola Comisión de Goberno.

6.-Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura, o Concello poderá dispoñer desta, unha vez que trasladase os restos existentes nela á correspondente oseira.”

Artigos 2º da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmuebles:

“Artigo 2º

1.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmuebles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,67881%.

2.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmuebles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,75%.

3.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmuebles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3%.”

Artigos 4º, Anexo e incorporación de Disposición Adicional da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras:

“Artigo 4º.- Normas de xestión

1. Sistema de xestión do imposto

1.1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación, que se xestionarán de acordo co artigo 103.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

1.2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación polo imposto no impreso habilitado ao efecto polo Concello e a abonala en calquera entidade colaboradora autorizada, a través da Sede Electrónica do Concello ou na Oficina de Recadación Municipal.

- No caso de expedientes susceptibles de outorgamento de licenza de obras ou urbanística, efectuarase o pago da autoliquidación dentro do prazo máximo de 1 mes contado a partires do momento no que lle foi notificada a concesión da licenza de construción, instalación ou obras.
- No caso de expedientes iniciados mediante presentación de declaración responsable ou comunicación previa, os suxeitos pasivos acompañarán a esta documentación xustificante de autoliquidar o imposto e ingresar o seu importe.
- No prazo de 1 mes dende o inicio da construción, instalación ou obra, nos seguintes casos:

1º. Cando se iniciara a construción, instalación ou obra sen terse solicitado licenza ou presentado declaración responsable.

2º. Cando se iniciara a construción, instalación ou obra antes da concesión ou denegación da licenza solicitada.

3º. Cando se iniciara a construción, instalación ou obra antes da presentación da declaración responsable. Nestes casos, o pago da autoliquidación non levará consigo ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor dos suxeitos pasivos.

A declaración formal da caducidade da licenza polo Concello inicia o cómputo do prazo de prescripción de catro anos que dá dereito á devolución do importe abonado mediante autoliquidación.

2. Pagos a conta

2.1. O pagamento da autoliquidación presentada terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que se practique, unha vez finalizadas as construcións, instalacións ou obras.

2.2. No caso de obras ou instalacións sometidas a licenza para as que sexa esixible proxecto visado polo colexio oficial correspondente, cando isto constitúa un requisito preceptivo, na autoliquidación que se practique, os suxeitos pasivos determinarán a base imponible tendo en conta o presuposto presentado

No caso de obras ou instalacións sometidas a licenza para as que non sexa esixible proxecto visado polo colexio oficial correspondente, así como as sometidas a declaración responsable ou comunicación previa, dita base determinarase en función do orzamento das obras ou, no caso de ser superior, en función da base imponible deducida da aplicación dos módulos que para cada tipo de obras ou instalacións, se establecen no Anexo da presente ordenanza,.

2.3 No caso de modificación do proxecto antes da finalización da construción, instalación ou obra, que implique unha variación do orzamento inicial, logo de que o Concello tome coñecemento da dita modificación, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado, no prazo de 1 mes desde a notificación da dita toma de coñecemento.

2.4. Comprobación da autoliquidación provisional: Cando os suxeitos pasivos non teñan abonado a correspondente autoliquidación polo imposto, nos prazos anteriormente sinalados, ou se presentara e abonara por cantidade inferior á cota que resulte da aplicación do apartado 2.2 anterior, a administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda.

3. Declaración do custo real e efectivo da obra

3.1. No prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da finalización das construcións, instalacións ou obras, os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar, na administración municipal, declaración do coste real e efectivo da obra, acompañando os documentos que estimen pertinentes, a efectos de acreditar ese coste.

Cando non se poida presentar en prazo a documentación anterior, poderá solicitarse, dentro do mesmo período de tempo, unha prórroga de 3 meses para realizar a súa aportación.

3.2. O coste real e efectivo das construcións, instalacións ou obras pode resultar superior ao que serviu de base impoñible na autoliquidación ou autoliquidacións anteriores que teñan sido presentadas e pagadas con carácter provisional, a conta da liquidación definitiva.

En calquera dos casos anteriores, os suxeitos pasivos, simultaneamente con dita declaración, deberán presentar e abonar, no seu caso, autoliquidación complementaria pola diferenza que se poña de manifesto, que se practicará no impreso habilitado ao efecto.

Cando o coste real e efectivo das construcións, instalacións ou obras sexa inferior á mencionada base impoñible, á declaración prevista no apartado 1 acompañarase a correspondente solicitude de devolución do importe ingresado en exceso.

3.3. A obriga de presentar declaración do coste real e efectivo das construcións, instalacións ou obras finalizadas, e de practicar e abonar a autoliquidación que corresponda, existirá aínda cando non se teña efectuado pago a conta a que se refire o artigo anterior.

3.4. Aos efectos dos apartados precedentes, a data de finalización das construcións, instalacións e obras será a expresada no certificado final de obra emitido polo director de obra. Naqueles supostos nos que non interveña este profesional, se non ven determinada no acto de outorgamento da licenza, considerarase coma data de finalización aquela na que as obras ou instalacións se atopen dispostas para servir ao fin a que estean destinadas e en condicións de ser ocupadas sen necesidade de obras complementarias.

4. Comprobación pola administración municipal do coste real e efectivo das construcións, instalacións ou obras e liquidación definitiva.

4.1. Unha vez rematadas as obras ou instalacións a Administración municipal comprobará as bases impoñibles tidas en conta nas autoliquidacións presentadas polos suxeitos pasivos, iniciando expediente en orde a calcular o custo real e efectivo e practicando a liquidación definitiva que proceda, sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes.

4.2. Naqueles supostos nos que, durante a realización das construcións, instalacións ou obras, se produzan cambios nas persoas ou entidades que puideran ser suxeitos pasivos do imposto, a liquidación definitiva practicarase ao que ostente a condición de suxeito pasivo no momento de rematarse aquelas.”

“ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Relación de módulos de construción, unidades de obra y prezos unitarios:

Anexo I: obras de nova planta, ampliación, rehabilitación e reforma integral

Edificación	Unidade	Nova construción/ Reconstrución/ Ampliación	Rehabilitación con afección a estrutura	Rehabilitación sen afección a estrutura	Reforma integral
Vivenda unifamiliar	metros cadrados	1.350,00 €	1.080,00 €	877,50 €	675,00 €
Vivenda colectiva libre	metros cadrados	1.150,00 €	920,00 €	747,50 €	575,00 €
Vivenda colectiva VPO	metros cadrados	1.060,00 €	848,00 €	689,00 €	530,00 €
Plantas soto e locais diáfanos	metros cadrados	575,00 €	460,00 €	373,75 €	230,00 €
Edificio destinado a uso hoteleiro e comercial	metros cadrados	1.484,00 €	1.187,20 €	964,60 €	593,60 €

Edificación	Unidade	Nova construción/ Reconstrución/ Ampliación	Rehabilitación con afección a estrutura	Rehabilitación sen afección a estrutura	Reforma integral
Edificio uso terciario distinto de hoteleiro e comercial	metros cadrados	954,00 €	763,20 €	620,10 €	381,60 €
Edificio uso industrial, deportivo ou agropecuario	metros cadrados	848,00 €	678,40 €	551,20 €	339,20 €
Edificio uso docente, cultural, sociocultural ou recreativo	metros cadrados	954,00 €	763,20 €	620,10 €	381,60 €
Edificio uso asistencial	metros cadrados	1.696,00 €	1.356,80 €	1.102,40 €	678,40 €
Edificio uso relixioso	metros cadrados	1.590,00 €	1.272,00 €	1.033,50 €	636,00 €
Edificio uso administración pública	metros cadrados	954,00 €	763,20 €	620,10 €	381,60 €

Anexo II: resto de obras.

1	PECHES	unidade de medida	importe
	Peche con malla de simple torsión	metros lineais	16,50 €
	peche con malla tipo Hércules	metros lineais	39,55 €
	Basamento cego bloque 0,6 m + elemento calado	metros lineais	80,30 €
	Basamento cego pedra ou mampostería 0,6 m + elemento calado	metros lineais	157,05 €
	Basamento cego formigón 0,6 m + elemento calado	metros lineais	121,85 €
	outros peches	metros lineais	157,05 €
	Muro de contención	metros lineais	225,60 €
	Portón de acceso	unidade	3.754,20 €
2	DEMOLICIÓNS	unidade de medida	importe
	Peche con malla	metros lineais	4,50 €
	Peche de basamento cego + elemento calado	metros lineais	53,35 €
	Muro de fábrica, bloque ou pedra	metros lineais	65,25 €
	Edificación	metros cadrados	92,35 €
	Galpón	metros cadrados	69,35 €
	Tabiquería interior	metros cadrados	7,55 €
	Desmontaxe de cuberta de tella, pizarra, fibrocemento ou similar	metros cadrados	9,60 €
	Desmontaxe de entramado de cuberta	metros cadrados	24,40 €
3	CUBERTAS	unidade de medida	importe
	Impermeabilización de cuberta inclinada	metros cadrados	24,45 €
	Impermeabilización de cuberta plana	metros cadrados	38,50 €
	Cubrición con tella	metros cadrados	55,20 €
	Cubrición con pizarra	metros cadrados	32,50 €
	Cubrición con materiais metálicos	metros cadrados	29,60 €
	Cambio de canalóns ou baixantes	metros lineais	31,55 €
	Ventá tipo VELUX para cuberta	unidade	489,35 €

4	FACHADAS	unidade de medida	importe
	Pintado de fachadas	metros cadrados	18,45 €
	Recebado e pintado de fachadas	metros cadrados	35,40 €
	Impermeabilización de fachada con láminas	metros cadrados	33,65 €
	Illamento de fachadas tipo SATE	metros cadrados	42,60 €
	Revestimento de fachadas	metros cadrados	156,25 €
	Rexuntado con morteiro	metros cadrados	30,25 €
	Limpeza con area ou auga a presión	metros cadrados	17,50 €
	Cambio de canalóns ou baixantes	metros	31,55 €
5	CARPINTERÍA EXPTERIOR	unidade de medida	importe
	Pintura, acondicionamento ou restauración da carpintería exterior	metros cadrados	19,50 €
	Substitución ou colocación de carpintería de madeira	metros cadrados	182,50 €
	Substitución ou colocación de carpintería de aluminio	metros cadrados	221,65 €
	Substitución ou colocación de carpintería de PVC	metros cadrados	275,40 €
	portal de alumnio	unidade	960,55 €
	Portal de PVC	unidade	1.152,60 €
	Apertura de oco para colocación de ventá	unidade	77,00 €
	Substitución ou colocación de porta entrada	unidade	890,50 €
	Substitución ou colocación de porta garaxe	unidade	2.620,35 €
6	OBRAS DE MELLORA DE HABITABILIDADE, ESTANQUIDADE E HIXIÉNICO-SANITARIAS	unidade de medida	importe
	Instalación saneamento cociña	unidade	155,40 €
	Instalación saneamento baño	unidade	178,65 €
	Instalación fontanería cociña	unidade	354,85 €
	Instalación fontanería baño	unidade	376,25 €
	Mellora/substitución instalación eléctrica por estancia	unidade	325,45 €
	Instalación de fosa séptica	unidade	950,00 €
	Quentador de auga a gas	unidade	420,55 €
	Termo eléctrico	unidade	525,40 €
	Depósito de auga	por cada 1.000 litros ou m³	395,20 €
	Instalación de calefacción	metros cadrados	71,50 €
	Instalación de aerotermia	unidade	11.550,25 €
	Instalación de chan radiante	metros cadrados	67,50 €
	Impermeabilización de terraza/balcón	metros cadrados	45,65 €
	Pozo artesiano	unidade	2.920,05 €

7	OBRAS INTERIORES	unidade de medida	importe
	Reforma integral de cuarto de baño de ata 5 metros cadrados	unidade	3.150,00 €
	Reforma integral de cuarto de baño de entre 5 e 10 metros cadrados	unidade	5.655,00 €
	Reforma integral de cuarto de baño de máis de 10 metros cadrados	unidade	8.140,45 €
	Reforma integral de cociña de ata 10 metros cadrados	unidade	12.125,00 €
	Reforma integral de cociña de entre 10 e 16 metros cadrados	unidade	18.245,35 €
	Reforma integral de cociña de máis de 16 metros cadrados	unidade	24.455,20 €
	Substitución de bañeira por plato de ducha	unidade	1.545,20 €
	Lavabo instalado	unidade	425,65 €
	Bañeira instalada	unidade	845,25 €
	Ducha instalada	unidade	740,25 €
	Bidé instalado	unidade	225,50 €
	Inodoro instalado	unidade	225,50 €
	Substitución de mobiliario de cociña sen reforma integral	metros cadrados	650,25 €
	Cambio de alicatado	metros cadrados	52,20 €
	Cambio de solado cerámico ou sintético	metros cadrados	66,50 €
	Cambio de solado madeira	metros cadrados	82,25 €
	Pulimento de solado de madeira	metros cadrados	35,20 €
	Pintura interior	metros cadrados	8,50 €
	Porta interior	unidade	230,25 €
	Varanda de madeira	metros	112,50 €
	Varanda aceiro	metros	182,65 €
	Outras varandas	metros	182,65 €
	Substitución ou instalación de escaleira	unidade	5.125,40 €
	Levantamento de novos tabiques totalmente rematados	metros	45,50 €
	Falsos teitos	metros cadrados	35,45 €
	Persiana	metros cadrados	125,50 €
	Toldos de tea con brazos	metros cadrados	595,75 €
8	PISCINAS E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	unidade de medida	importe
	Piscina prefabricada instalada de ata 18 metros cadrados	unidade	9.180,00 €
	Piscina prefabricada instalada de máis de 18 e ata 30 metros cadrados	unidade	14.255,00 €
	Piscina prefabricada instalada de 30 metros cadrados en adiante	unidade	23.890,50 €
	Piscina de obra instalada de ata 18 metros cadrados	unidade	15.500,00 €
	Piscina obra instalada de máis de 18 e ata 30 metros cadrados	unidade	22.550,00 €
	Piscina obra instalada de 30 metros cadrados en adiante	unidade	32.125,00 €
	Pistas deportivas	metros cadrados	55,25 €

9	URBANIZACIÓN E XARDINERÍA	unidade de medida	importe
	Roza e limpeza de terreo con medios manuais	metros cadrados	6,50 €
	Roza e limpeza de terreo con medios mecánicos	metros cadrados	0,75 €
	corta e descoutado de árbores	unidade	55,50 €
	Recheo, extendido e compactado de terras	metros cúbicos	5,00 €
	Escavación e provisión de terra por medios mecánicos	metros cúbicos	1,10 €
	Transporte de terras a vertedoiro	metros cúbicos	2,40 €
	Beirarrúa	metros cadrados	72,50 €
	Soleira	metros cadrados	55,20 €
	Rampla	metros cadrados	55,20 €
	Varandas de protección non instaladas en vivendas	metros lineais	182,65 €
10	EDIFICACIÓNS AUXILIARES E OUTROS ELEMENTOS	unidade de medida	importe
	Construción auxiliar/galpón/alboio	metros cadrados	355,45 €
	Instalación de caseta prefabricada	metros cadrados	79,25 €
	Construción de porche	metros cadrados	270,20 €
	Construción de pérgola	metros cadrados	110,65 €
	Substitución de mecanismo de ascensor	unidade	15.525,35 €
	Instalación de ascensor	unidade	98.250,45 €
	Instalación de salvaescaleiras	unidade	8.325,45 €
	Instalación de paneis fotovoltaicos ou solares	kw	1.288,00 €
	Instalación de punto de recarga de vehículos	unidade	3.740,50 €."

“DISPOSICION ADICIONAL

Coa finalidade de manter actualizados os módulos de construción, unidades de obra e prezos unitarios do Anexo da ordenanza, o Pleno do Concello, como órgano competente para a aprobación dos mesmos, faculta á Alcaldía para actualizalos, mediante Decreto, durante a vixencia desta Ordenanza e ordenando despois a preceptiva publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia. Esta actualización non implica unha modificación da ordenanza.”

Artigo 1º da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica

“Artigo 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o coeficiente de incremento nas cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable a este municipio, en relación co cadro de tarifas do artigo 95.1 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, queda fixado en 1,5764 para todas as clases de vehículos, excepto para os turismos de 20 cabalos en adiante que será do 2,00; resultando os seguintes importes, una vez redondeados por exceso ou por defecto ata o inmediato múltiplo de 5:

CLASE DE VEHICULO E POTENCIA	CUOTA TRIBUTARIA
TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	19,90
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	53,70
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	113,40
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	141,30
De 20 cabalos fiscais	224,00
AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	131,30
De 21 a 50 prazas	187,00

CLASE DE VEHICULO E POTENCIA	CUOTA TRIBUTARIA
De máis de 50 prazas	233,80
CAMIONES	
De menos de 1000 kg de carga útil	66,70
De 1000 a 2999 kg de carga útil	131,30
De máis de 2999 a 9999 kg de carga útil	187,00
De máis de 9999 kg de carga útil	233,80
TRACTORES	
De menos de 16 cabalos fiscais	27,90
De 16 a 25 cabalos fiscais	43,80
De máis de 25 cabalos fiscais	131,30
REMOLQUES E SEMIREMOLQUES	
De menos 1000 kg e mais 750 kg carga útil	27,90
De 1000 a 2999 kg de carga útil	43,80
De máis de 2999 kg de carga útil	131,30
OUTROS VEHICULOS	
Ciclomotores	7,00
Motocicletas ata 125 cc	7,00
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc	11,90
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc	23,90
Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc	47,80
Motocicletas de máis de 1000 cc	95,50

Para a aplicación do anterior cadro de tarifas estarase ao disposto no Anexo II do Real Decreto 2.822/1998 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, en relación ás definicións e categorías de vehículos e tendo en conta, ademais as seguintes regras:

a) Os vehículos mixtos adaptables e os derivados de turismos (clasificacións 31 e 30 respectivamente, conforme ao Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán como turismo, de acordo coa súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

1º. Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará conforme á letra B) do artigo 4º.

2º. Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil, tributará conforme á letra C) do artigo 4º.

b) Os motocarros tributarán, aos efectos deste Imposto, pola súa cilindrada conforme á letra F) do artigo 4º.

c) No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado, o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

d) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outro vehículo de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

e) A potencia fiscal do vehículo expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 11 do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2.822/1998 e elo en relación ao previsto no Anexo V do mesmo texto legal, segundo o tipo de motor, expresada con dúas cifras decimais aproximadas por defecto.

f) A carga útil do vehículo, a efectos do imposto, á a diferenza entre a Masa Máxima Autorizada (M.M.A.) e a Tara do vehículo, expresadas ambas magnitudes en Quilogramos.

g) Os vehículos furgóns (clasificacións 24, 25 e 26 segundo o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán, aos efectos deste imposto, pola súa carga útil conforme á letra C) do artigo 4º."

Artigos 5º, 7º e 8º da Ordenanza nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este:

“Artigo 5º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS

As prestacións a aboar determinaranse conforme ás seguintes tarifas, que se incrementarán no seu caso, con IVE vixente en cada momento:

A) Tarifa por abastecemento domiciliario de auga potable:

A.1) Tarifa xeral por abastecemento de auga potable:

			PRECIO M³.
	SUBMINISTRACIÓN DOMÉSTICA		
	Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m3/ trimestre	0,00 €
	Tramo 2	Consumos superiores a 18 m3. ata 36 m3/trimestre	0,45 €
	Tramo 3	Consumos superiores a 36 m3. ata 72 m3/trimestre	0,85 €
	Tramo 4	Consumos superiores a 72 m3/trimestre	1,10 €
	SUBMINISTRACIÓN NON DOMÉSTICA		
	Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m3/ trimestre	0,60 €
	Tramo 2	Consumos superiores a 18 m3. ata 36 m3/trimestre	0,60 €
	Tramo 3	Consumos superiores a 36 m3. ata 72 m3/trimestre	0,85 €
	Tramo 4	Consumos superiores a 72 m3/trimestre	1,10 €
	SUBMINISTRACIÓN OBRAS		
	Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m3/ trimestre	0,60 €
	Tramo 2	Consumos superiores a 18 m3. ata 36 m3/trimestre	0,60 €
	Tramo 3	Consumos superiores a 36 m3. ata 72 m3/trimestre	0,85 €
	Tramo 4	Consumos superiores a 72 m3/trimestre	1,10 €
	SUBMINISTRACIÓN PROTECCIÓN CONTRAINCENDIOS		
	Tramo único	Calquera consumo	0,60 €

Cota de dispoñibilidade

Establécese unha cota de dispoñibilidade de **15€/trimestre**, que dá dereito ao acceso permanente ao Servizo de Auga Potable e que se abonará con independencia de que se realice o consumo ou non.

Determinación dos consumos a facturar.

A cuantificación do volume de auga consumida determinarase polos seguintes procedementos:

a) Por diferenza de índices entre dúas lecturas consecutivas.

b) Por estimación de consumos:

1. No caso de contadores avariados facturarase atendendo ás seguintes circunstancias: Se existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior no que exista rexistro. Se fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos. Senón existisen antecedentes ou os que se tivesen non reflectisen con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instalárase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días prorratearase a súa lectura.
2. No caso de non poder realizarse lectura por causas alleas á entidade subministradora, o consumo a facturar será cero, cobrándose unicamente a cota de dispoñibilidade que se recolla na Ordenanza, sumándose o consumo para o primeiro período en que exista lectura real. Correrán por conta dos abonados os incrementos do recibo acontecidos como consecuencia da acumulación de maior volume nos tramos de tarifa máis elevada.

Reducións por avarías fortuítas

No caso de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, a Entidade Subministradora poderá aplicar unha redución na factura previa solicitude do abonado, nos seguintes termos:

- a) A redución aplicarase con independencia de que tipo de tarifa de abastecemento domiciliario sexa.
- b) O desconto realizarase unicamente sobre a cantidade de m3 fuxida, resultante de restar ao consumo rexistrado no recibo que se revise o que se realizou durante o mesmo período de facturación do ano anterior. De non existir antecedentes suficientes, terase en conta para calcular este dato o consumo realizado nos 15 días posteriores á reparación da fuga prorrateado a un trimestre.
- c) A redución na facturación, será o equivalente a cobrar a cantidade de m3 fuxidos, calculados segundo o exposto no apartado b), ao prezo vixente do primeiro tramo da tarifa para uso non doméstico.
- d) No caso de contadores xerais, a redución que fai referencia o presente apartado aplicarase unicamente cando a avaría se produza na instalación xeral da comunidade.
- e) A entidade subministradora deberá comprobar a veracidade dos feitos, ben facendo unha comprobación “in situ” ou solicitando as probas que se estimen oportunas ao abonado, tal como fotos, informe técnico ou factura da reparación.
- f) Non se modificará ningunha factura por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.
- g) A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que a entidade subministradora non revise os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

A.2) Tarifas reducidas por abastecemento de auga potable:

A.2.1 Tarifa reducida no consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de catro persoas, sempre que estas estean empadroadas na mesma vivenda.

1) Condicións:

- a) Beneficiario da tarifa reducida terá que ser titular da póliza individual do aboamento á subministración da auga e estar empadroadado na dirección de subministro. Esta tarifa reducida aplicarase de oficio, a partir da facturación do trimestre posterior á data en que se produce o cambio de circunstancias.
- b) Día primeiro de cada trimestre natural serán notificadas polo Departamento de Estatística do Concello á entidade subministradora do servizo de auga potable as modificacións ocorridas durante o trimestre anterior en máis ou en menos do número de persoas empadroadas por vivenda, que poidan modificar o dereito á tarifa reducida.

2) Importe da tarifa reducida:

- a) Os aboamentos de uso doméstico, de vivendas habitadas por máis de catro persoas e menos de oito, beneficiaranse da aplicación dunha tarifa reducida no consumo, entre 19 m3/ttre e 72 m3/ttre, consistente en aplicarlle a estes m3 o prezo do segundo tramo. No caso de que o consumo supere os 72 m3/ttre, o exceso cobrarase ao prezo do tramo correspondente.
- b) Os aboamentos de uso doméstico, de vivendas habitadas por oito persoas ou máis, beneficiaranse da aplicación dunha tarifa reducida no consumo entre 19 m3/ttre e 90 m3/ttre, consistente en aplicarlle a estes m3 o prezo do segundo tramo. No caso de que o consumo supere os 90 m3/ttre, o exceso cobrarase ao prezo do tramo correspondente.

A.2.2 Tarifa reducida no consumo doméstico da auga potable a aquelas comunidades de propietarios nas que exista un contrato para o consumo de auga quente sanitaria conxunto para todas as vivendas, consistente en aplicar a totalidade dos metros cúbicos consumidos o prezo vixente do segundo tramo da tarifa para uso doméstico.

B) Dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento de auga.

B.1) Tarifa xeral por dereitos de acometida á rede de abastecemento de auga:

Co obxecto de compensar o valor proporcional das inversións que o Concello deba realizar nas ampliacións, modificacións ou reformas e melloras das súas redes de distribución, ben no momento da solicitude, ou noutra ocasión, e no mesmo lugar ou en distinto a aquel do que se solicita a acometida, para manter a capacidade de abastecemento do sistema de distribución, nas mesmas condicións anteriores á prestación da nova subministración, e sen ningunha diminución para os preexistentes, aboaranse os seguintes importes:

Diámetro Ø acometida (mm)	Importe do dereito
Ata 25 (inclusive)	314,44 €
30	377,32 €
40	503,08 €
50	628,87 €
60	754,63 €
70	880,40 €
80	1.006,16 €
100	1.257,70 €

O non previsto na escala anterior liquidarase a razón de 12,58 € por mm de diámetro de acometida.

B.2) Tarifa reducida por dereitos de acometida á rede de abastecemento de auga:

Aboarán unicamente o 10% da tarifa B.1) anterior, aqueles propietarios que colaborasen economicamente na realización das obras comunitarias do abastecemento da auga, segundo conste nos documentos obrantes no Concello. Ao tratarse dun servizo de recepción obrigatoria, os propietarios que acometan á rede construída coa colaboración económica doutros veciños, virán obrigados a reintegrar ao Concello a parte proporcional que lles corresponda da achega veciñal. Ademais deberán satisfacer a totalidade da tarifa por dereito de acometida.

C) Formalización da póliza de enganche:

A formalización da póliza de enganche formalizarase co pagamento previo de 29,36 €.

D) Precintado de contador:

O importe a satisfacer por cada precintado do contador será de 4,77 €.

E) Dereitos de reenganche:

O importe a satisfacer polos dereitos de reenganche será de 48,91 €.

F) Derogado.

G) Alta do punto de subministración, que comprende a realización da acometida (obra mecánica) e instalación do contador, a que se refire o artigo 27 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros:

O importe da tarifa é o sumatorio dos importes correspondentes ás táboas a.1) e a.2) (cando corresponda), e b) seguintes:

Táboa a.1:

Acometidas con "T" fundición Bridada de derivación sobre acometidas de ata 6m de lonxitude (€)				Acometidas con collarín de fundición sobre acometidas de ata 6m de lonxitude (€)			
Tubo orixe da acometida (mm)	Diámetro tubería derivación para acometida Ømm (pulgadas)			Diámetro tubería acometidas Øpulgadas			
	100(4")	90(3")	75 (2 ½")	2"	1 ½" ou 1 1/4"	1"	3/4"
300mm	2.119,02	1.837,41	1.764,95	678,49	534,38	376,62	346,81
200mm	1.286,01	1.075,76	1.007,75	660,85	516,74	358,98	329,17
160mm	1.281,99	1.071,61	1.003,74	651,07	506,96	349,20	319,33
150mm	1.096,11	885,73	817,86	616,87	472,75	315,00	285,19
110mm	1.080,26	870,53	798,64	608,94	464,83	307,07	277,26
100mm	986,33	776,60	704,71	602,28	458,17	300,41	270,60
90mm		831,53	764,76	574,53	430,42	272,67	242,85
75mm			714,60	573,63	429,52	271,76	241,95
63mm ou menos				551,04	406,93	249,18	220,01

Táboa a.2.- Incremento por metro de tubería a partires de 6 m.

4" (100mm)	3" (90mm)	2 1/2" (75mm)	2" (63mm)	1 1/2" ou 1 1/4"	1" (32mm)	3/4" (25mm)
48,79 €	17,49 €	13,19 €	6,00 €	4,36 €	3,92 €	3,31 €

Táboa b.- Subministro, instalación e precintado do primeiro contador		
Diámetro do contador	Importe	
	Contadores ordinarios Vol.	Contadores de Bidas WOLTMANN (Contra Incendios)
13 mm.	46,64 €	-
15 mm.	46,64 €	-
20 mm.	70,03 €	-
25 mm.	150,84 €	-
30 mm.	227,25 €	-
40 mm.	266,72 €	-
50 mm.	301,14 €	427,33 €
65 mm.	-	472,94 €
80 mm.	-	533,43 €
100 mm.	-	593,24 €
150 mm.	-	953,64 €
200 mm.	-	1.318,09 €

H) **Mantemento do punto de subministración**, que comprende a reparación, mantemento e substitución, tanto do contador instalado como do tramo da acometida que discorre polo dominio público, ata o límite da finca a fornecer, a que se refire o artigo 26 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros: 2,20 €/trimestre.

I) **Levantamento de contador** para a súa verificación efectuada a instancia do obrigado ao pago da tarifa, no suposto contemplado no artigo 43.2 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros:

Diámetro do contador	Importe (€)
13 mm.	107,64
15 mm.	107,64
20 mm.	113,35
25 mm.	114,77
30 mm.	116,20
40 mm. ou máis	119,05

J) **Manobra sobre a rede de subministración** a que se refire o artigo 15 do Regulamento do subministro de auga potable do Concello de Oleiros: 28,52 € /manobra.

K) **Inspección de instalacións auxiliares**: 44,92 €.

Esta tarifa é compatible coa tarifa regulada no apartado J)."

"Artigo 7º: -OBRIGACIÓN DE PAGO

1.- A obrigación de pago do importe das tarifas correspondentes ao servizo de abastecemento domiciliario de auga e de mantemento do punto de subministración nace desde o momento que se inicia a prestación do servizo, mediante o correspondente alta de abono que terá efectos no trimestre no que se solicite.

As baixas no servizo terán efectos a partires do trimestre seguinte ao da súa presentación.

Nos casos de altas e baixas no servizo, a cota de dispoñibilidade regulada polo apartado A.1 do artigo 5º non será obxecto de rateo.

2.- A obriga de pago do resto de actividades conexas ao servizo de abastecemento domiciliario de auga iniciadas a instancia de parte, nace no momento de presentación da solicitude que inicie a tramitación dos expedientes. Nas actividades iniciadas de oficio, a obriga de pago nace cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio.“

“Artigo 8º: - NORMAS DE XESTIÓN

1.- O pagamento do importe das tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e de mantemento do punto de subministración efectuarase no momento da presentación da correspondente factura ao obrigado a realizalo, realizándose con periodicidade trimestral conxuntamente coa taxa de sumidoiro, segundo calendario fiscal establecido polo artigo 37 da Ordenanza fiscal xeral do Concello.

2.- As débedas correspondentes á prestación do servizo de abastecemento da auga poderán esixirse polo procedemento de constrinximento, de conformidade co establecido no Regulamento xeral de recadación.

3.- O importe das tarifas correspondentes ao resto de actividades conexas ao servizo de abastecemento domiciliario de auga potable esixíranse:

a) Os dereitos de acometida, no caso de acometidas de nova construción, mediante a autoliquidación, con carácter previo á solicitude do dereito de acometida, que coincidirá coa solicitude de licenza de obras.

b) Os dereitos de acometida, no suposto de acometidas que non sexan de nova construción, as tarifas pola formalización da póliza de enganche, o precintado de contador, os dereitos de reenganche, as correspondentes á alta do punto de subministración, ao levantamento de contador e á manobra sobre a rede de subministración; mediante a liquidación emitida pola empresa xestora do servizo de auga potable.

4.- No suposto de arquivo da solicitude de dereito de acometida regulado polo apartado a) do punto 3 anterior, nos termos dos parágrafos 6, 7 e 8 do artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de intervención e control na execución de obras ou exercicio de actividades ou servizos, o obrigado ao pago terá dereito á devolución dun 80% do importe das tarifas previamente ingresadas.

5.- Procederá a devolución do importe das tarifas correspondentes ao levantamento de contador, cando da verificación se constate que se encontra fora de normas.”

Artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos:

“Artigo 6º.- Cota tributaria

A cota tributaria que procede aboar polas taxas correspondentes a cada un dos servizos urbanísticos determinaranse mediante a aplicación das seguintes tarifas:

Epígrafe A) Tramitación de autorizacións de usos: 51,17 €

Epígrafe B) Tramitación de licencias de reserva de espazo e placa de vao: 63,30 €

Epígrafe C) Tramitación de licenzas de apertura de piscinas de uso colectivo: 45,78 €

Epígrafe D) Tramitación de autorizacións autonómicas, previas á licenza urbanística: 129,27 €

Epígrafe E) Tramitación de licenzas de instalación de tanques de G.L.P:

- De 2.400 litros: 61,94 €

- Correspondentes a colectividades: 195,27 €

Epígrafe F) Tramitación de licenzas de apertura de garaxes correspondentes a edificios plurifamiliares: 195,27 €

Epígrafe G) Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por división de fincas con base a escrituras de antigüidade superior a 10 anos: 36,36 €

Epígrafe H): Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por construcións e comprobación da antigüidade segundo as fotografías aéreas obrantes en poder desta Administración: 17,51 €.

Epígrafe I).- Pola tramitación de instrumentos de planeamento (plan parcial, plan especial, estudio de detalle, etc.) a iniciativa particular:

I.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,5689 €/m2.

I.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0935 €/m2.

I.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,4486 €/m2.

Epígrafe J).- Pola tramitación de instrumentos de xestión urbanística (normalización de fincas, proxectos de reparcelación, sistema de compensación, proxectos de ocupación directa, proxectos de expropiación, etc.), a iniciativa particular:

J.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,6584 €/m².

J.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,1081 €/m².

J.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,5191 €/m².

Epígrafe K).- Pola tramitación de instrumentos de execución urbanística (proxectos de urbanización, proxectos de obra ordinaria de urbanización, etc.) a iniciativa particular:

K.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,4810 €/m².

K.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0789 €/m².

K.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,3791 €/m²."

O que se fai público para xeral coñecemento, advertíndose que dicho acordo esgota a vía administrativa, podendo interpor contra o mesmo, no prazo de dous meses contados desde a data seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 10 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime oportuno.

En Oleiros, asinado dixitalmente o 26 de decembro de 2025 pola 1ª Teniente de Alcalde delegada De Economía E Facenda, M^a. José Varela Neira.

2025/8658